



## Concurso de vídeos

# “O meu cole, máis sostible”

### BASES DA CONVOCATORIA

#### Edición 2024/25

A Fundación Laboral do Cemento e o Medio Ambiente (en adiante Fundación CEMA), con CIF G28515039 e con domicilio social en Madrid, José Abascal, 53 1º, convoca o Concurso de vídeos “O meu cole, máis sostible” (en adiante, o Concurso) co obxectivo de promover e difundir iniciativas e hábitos sostibles na comunidade educativa e familias do alumnado de educación primaria, que permitan contribuír á loita do cambio climático.

As presentes bases legais (en adiante, as Bases) teñen como obxecto regular a participación no citado concurso, a convocatoria e a concesión de premios.

EMADE-Consultoría, educación, promoción y desarrollo, S.L.U. (en adiante, EMAD), con domicilio social en C/ Italia, nº 113, CP 45005 Toledo e provista de CIF B-83369629, é a entidade responsable da xestión do Concurso.

#### Concurso

O concurso organizado por Fundación CEMA consiste na realización e envío dun vídeo de 3 minutos de duración máxima (en adiante as Creacións) por parte dos participantes á dirección de correo electrónico [aprende@emadesl.com](mailto:aprende@emadesl.com).

As Creacións deberán estar relacionadas coa temática de iniciativas e hábitos sostibles que se poden levar a cabo tanto nos centros educativos como nos fogares, que permitan contribuír á loita contra o cambio climático.

O contido debe ser orixinal: as voces, a música e calquera elemento sonoro que se empregue deben estar libres de dereitos ou ser orixinais, podendo a entidade organizadora emitilos e publicalos nas canles que considere sen que isto lle xere ningún prexuízo. Será responsabilidade dos participantes o cumprir con este punto e facer fronte a futuras reclamacións que puidesen ocorrer.

Posteriormente, estas Creacións serán avaliadas por parte dun xurado para determinar o gañador, sempre que cumpran co disposto nas presentes Bases.

### **Duración do Concurso**

O Concurso é válido para todas as Creacións rexistradas e enviadas ata as 00.00 horas (GMT 1) do día 30/05/2025. Non se aceptarán no Concurso as Creacións enviadas fóra deste prazo de tempo.

### **Descrición dos participantes**

O Concurso está destinado ás aulas de escolares de educación primaria de centros educativos, que recibisen durante o curso 2024/25 o taller enmarcado na Campaña de Educación Ambiental Colexios Sostibles de Fundación CEMA.

Non se considerará válida a participación no Concurso das aulas ou centros docentes que non cumpran cos requisitos indicados anteriormente, nin no resto das presentes bases.

### **Aceptación das Bases**

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes Bases e a submisión expresa ás decisións interpretativas que das mesmas efectúe a organización. Fundación CEMA resérvase o dereito a descalificar aos participantes que incumpran as mesmas e, especialmente, calquera participación que vaia en contra destas Bases.

Coa aceptación destas Bases os participantes declaran comprender os seus termos e condicións e comprométese a cumprir coa normativa vixente que poida resultar da aplicación a este respecto, de modo que polo simple feito de participar no Concurso están prestando o seu consentimento a someterse ás Bases e á legalidade de forma total e irrevogable.

A manifestación en contrario do participante, independentemente de en que momento se realice, implicará a súa inmediata autoexclusión do Concurso e a liberación de Fundación CEMA de calquera compromiso adquirido co participante.

As presentes Bases atópanse a disposición de calquera persoa que desexe consultalas a través da Plataforma <https://educambiental.fundacioncema.org/>. Para calquera dúbida sobre o mesmo, os centros escolares poderán contactar coa organización a través de:

- Teléfono: 91 157 4457
- Correo electrónico: [carlaemade@gmail.com](mailto:carlaemade@gmail.com)

Fundación CEMA resérvase o dereito a realizar modificacións nas condicións do presente Concurso ou engadir anexos sucesivos sobre a súa mecánica e premios, sempre que as mesmas estean xustificadas ou non prexudiquen aos participantes e se comuniquen a estes debidamente, dándolles ás mesmas o mesmo grao de publicidade que as presentes. Se fora necesario aprazar ou anular o Concurso, farase constar nas presentes bases, polo que invitamos a consultalas con posterioridade á súa participación.

### **Termos de participación**

Cada aula participante pode presentar un máximo de tres creacións ao concurso.

O docente que desexe inscribir á súa aula para a participación dos seus alumnos no Concurso debe enviar a Creación a [aprende@emadesl.com](mailto:aprende@emadesl.com), nos prazos indicados nas presentes Bases, indicando os seguintes datos:

- Centro educativo e aula participante.
- Nome do/da docente que presenta a creación.
- Teléfono e correo electrónico de contacto.
- Dispoñer da documentación esixida sobre dereitos de imaxe dos/das participantes na Creación presentada.

As Creacións subíranse, tras a súa validación, á canle de YouTube de Fundación CEMA, tras finalizar o prazo de recepción de Creacións.

O presente Concurso ten carácter gratuíto.

### **Selección da Creación ganadora**

O xurado estará composto por persoal e patróns da Fundación CEMA. Finalizado o prazo de participación no Concurso, o xurado decidirá a Creación gañadora, segundo a creatividade, orixinalidade e axuste ao tema correspondente. Esta decisión será inapelable e dependerá unicamente do criterio do xurado.

Escollerase un total dunha creación gañadora.

Fundación CEMA resérvase o dereito de declarar deserto o concurso en caso de que, a xuízo do xurado, ningunha das Creacións teña un nivel suficiente para ser adxudicataria de premio.

Fundación CEMA resérvase o dereito a verificar, polo procedemento que estime conveniente, que as participacións no Concurso cumpren con todos os requisitos establecidos nas presentes Bases. A estes efectos, poderán solicitar en calquera momento a información e documentación necesaria para confirmar o cumprimento das presentes Bases. A falta de entrega da información ou documentación solicitada no prazo requirido pola Fundación levará á expulsión inmediata do Concurso da Creación e, no seu caso, a perda do premio, sen necesidade de notificación algunha.

Fundación CEMA resérvase o dereito de descalificar ou, no seu caso, non entregar o premio do Concurso a Creacións que proveñan de participacións que traten de, ou cheguen a, defraudar, alterar ou inutilizar o bo funcionamento e o transcurso normal e regulamentario do Concurso.

Ao participar no Concurso, autorízase á Fundación CEMA a utilizar as Creacións realizadas, co fin de permitir a súa explotación mediante calquera modalidade, para todo o mundo e polo tempo que sexa preciso para a finalidade do tratamento.

### **Requisitos para participar**

- A aula debe participar no taller da Campaña de Educación Ambiental “Colexios Sostibles” de Fundación CEMA durante o curso 2024/25.
- Cumprir cos requisitos especificados no apartado “Termos de participación” das presentes Bases.

- Non empregará a participación no presente Concurso para: (i) difundir ideas políticas ou relixiosas, (ii) promover inxurias ou calumnias fronte a terceiros, (iii) usar linguaxe violenta, obscena e ofensiva, (iv) publicar contido diferente á temática do concurso.

### **Comunicación do gañador**

A comunicación do gañador do Concurso levarase a cabo a partir do 15 de xuño de 2025.

A comunicación do gañador farase por correo electrónico e vía telefónica, dirixidos ao centro educativo da aula participante, por parte da empresa EMADE.

### **Premio**

O premio outorgarase ao centro educativo ao que pertenza a aula da creación gañadora. O premio consistirá en 2.000€.

En ningún caso os premios poderán ser trocados por diñeiro ou outra prestación a petición de calquera dos gañadores. Fundación CEMA resérvase o dereito de substituír, en caso de obrigada necesidade, o premio por outro de similares características.

### **Cesión de imaxe**

Todas as persoas que aparezan nas Creacións deberán firmar un consentimento de cesión de imaxe ás persoas autoras. Este documento debe estar firmado e deberá telo dispoñible en caso de ser requirido pola Fundación CEMA. A non facilitación desta documentación suporá a exclusión automática do proceso de concurso.

Cando se presente unha creación a concurso, o/a docente que a presenta será responsable de dispoñer da documentación esixida sobre dereitos de imaxe dos/das participantes na Creación presentada, xa que esta aparecerá en YouTube.

Todas as persoas participantes no concurso ceden á Fundación CEMA en exclusiva os dereitos de explotación, en especial os de fixación, reprodución, distribución, comunicación pública, da súa imaxe finada nas Creacións presentadas ao concurso. As persoas participantes ceden os anteriores dereitos nas seguintes modalidades de explotación: Reprodución das súas intervencións e actuacións en calquera formato coñecido, comunicación pública, en calquera medio televisivo, por Internet e por redes sociais, e calquera outra tecnoloxía de comunicación a través de banda ancha móbil ou fixa, discográfica ou impresa. Estas cesións realízanse a título gratuíto a partir da data dende a que participara no concurso e refírense á totalidade de usos referidos á imaxe e voz da persoa asistente, sen límite espacial nin temporal, de acordo co disposto na Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, utilizando os medios técnicos coñecidos e para calquera aplicación en calquera tipo de soporte, especificamente no ámbito dixital e redes sociais.

En virtude das cesións anteriores, a Fundación CEMA será titular de todos os dereitos de propiedade intelectual e de imaxe que puideran corresponder ás persoas participantes sobre as intervencións e interpretacións incluídas nas Creacións presentadas ao concurso.

## **Responsabilidades**

Fundación CEMA resérvase o dereito de anular calquera participación ou a calquera participante, se se teñen sospeitas dunha manipulación incorrecta dos datos ou do Concurso.

Fundación CEMA resérvase o dereito a rexeitar ou excluír da participación no Concurso a calquera participante que non reúna os requisitos descritos nas presentes Bases e termos de participación ou contraveñan as normas ou finalidade do concurso.

Fundación CEMA non se responsabiliza das posibles perdas de datos por problemas de correo electrónico ou polo mal funcionamento de Internet.

## **Protección de datos**

O Participante queda informado e consente o tratamento dos datos subministrados e os que puidera facilitar a Fundación CEMA e os que se obteñan mediante gravación de imaxes, ou como consecuencia da súa navegación polas páxinas web de Internet, redes inalámbricas ou outro medio, con motivo do desenvolvemento da súa participación no Concurso "O meu cole, máis sostible", incluso unha vez finalizada a relación.

O Participante garante a exactitude e veracidade dos datos persoais facilitados, comprometéndose a mantelos debidamente actualizados e a comunicar a Fundación CEMA calquera variación que se produza nos mesmos.

## **INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS**

**Responsable:** CEMA – FUNDACIÓN LABORAL DO CEMENTO E O MEDIO AMBIENTE

**Finalidades:** Xestión da Actividade.

**Lexitimación:** Execución da Actividade e consentimento.

Para máis información sobre o tratamento dos seus datos, consulte a nosa "Política de Privacidade" en <https://www.fundacioncema.org/politica-de-privacidad/>

En todo caso, o consentimento para o tratamento dos seus datos con dita finalidade ten carácter revogable, podendo retirar en calquera momento o consentimento prestado ou exercitar calquera dos dereitos mencionados na forma indicada na información adicional de protección de datos.

## **Nulidade**

Se calquera previsión das presentes Bases fose declarada, total ou parcialmente, nula ou ineficaz, tal nulidade ou ineficacia afectará tan só a dita disposición ou parte da mesma que resulte nula ou ineficaz, subsistindo en todo o demais o resto de Bases e téndose tal disposición ou a parte da mesma que resulte afectada por non posta, salvo que, por resultar esencial ás presentes Bases, houbera que afectalas de forma integral.

### **Xurisdición e lei aplicable**

As presentes Bases interpretaranse e rexerán de conformidade coa lexislación española. Para calquera cuestión litixiosa derivada da existencia, acceso, utilización ou contido da existencia, acceso, utilización ou contido das Bases, o participante e Fundación CEMA renuncian expresamente a calquera outro foro que puidera corresponderlles, someténdose á xurisdición e competencia exclusiva dos Xulgados e Tribunais de Madrid.

Madrid, 20 de setembro de 2024